
SARABELAteatro
Cristovo
e o
libro das
Marabillas
idea orixinal de FINA CALLEJA
con FERNANDO DACOSTA, ELENA SEIJO,
TITO R.ASOREY, SABELA GAGO e FINA CALLEJA.
DIRECCIÓN: FINA CALLEJA
producida por:
SARABELA TEATRO

# *Cristovo e o libro das marabillas*

**Público ao que vai dirixido: PÚBLICO FAMILIAR**
**( 6 a 12 anos en camapñas escolares)**

**Idea Orixinal: Fina Calleja**
**Dirección: Fina Calleja**

**Colaboración especial:**
**Ánxeles Cuña Bóveda**

**Elenco: Fernando Dacosta** *como Cristovo*
**Tito Asorey** *como Brüel e Bartolo*
**Sabela Gago** *como Sofía*
**Elena Seijo** *como Felipa*
**Fina Calleja** *como Blanquiña*
*Todos como xentes da vila*

**Manipuladores:**
**José M. Bayón, Rubén Dobaño**

Siluetas: **Begoña Pérez-Herrera Moreno**
Deseño de escenografía e iluminación:
**Suso Díaz**
Deseño e realización de vestiario:
**Tegra**
Maquillaxe:
**Sarabela Teatro**
Deseño gráfico:
**1:media**
Deseño de espazo sonoro:
**Renata Codda Fons**
Produción:
**Sarabela Teatro**
Asistente de produción:
**David Varela**
Unidade didáctica:
**Nati Borrajo**
Técnicos en xira:
**David Varela,Rubén Dobaño, J.M.Bayón**





Tiñamos moitas ganas de reencontrarnos co noso público máis novo. As anteriores experiencias (O Romance de Micomicón, A Illa Amarela e A Gata con botas) deixáronnos unha pegada imborrable e fixéronnos prometer non renunciar ao contacto cos nenos e nenas e a súa limpida ollada.

**Cristovo e o libro das marabillas** é o resultado da experimentación, das ganas de atoparnos de novo no escenario enchoupados polo espírito dos máis cativos. É tamén suma de experiencias, de linguaxes que nos trasladan aos territorios do clown, da Comedia da Arte, dos monicreques e o teatro de sombras.
Queremos contaxiar, dende o lúdico e cunha intencionalidade pedagóxica, o amor polo coñecemento, polo teatro, pola VIDA.

Buscamos nas figuras de Cristóbal Colón e Marco Polo rescatar o impulso dos grandes "descubridores". Non nos interesan as "conquistas" pero si a fascinación por paisaxes alleas que nos fan soñar. Para comprendelos, para renovar a confianza na humanidade e na súa diversidade. Para volver a emocionarnos coa fermosura e a maxia da aventura.

O alento destes personaxes, e de tantos outros, segue a espertar o noso interese. O seu exemplo continúa a derrubar fronteiras, aínda que outros se empeñen en construílas.

Contamos nesta particular viaxe co equipo estable de SARABELA TEATRO e novas incorporacións que suman os seus imaxinarios particulares para facer xuntos desta experiencia deleitante un espectáculo vibrante, ateigado de imaxes, risos e tenrura.

E seremos quen de redescubrir en nós mesmos o espírito da aventura, do amor primeiro, da fascinación polos libros e polos territorios descoñecidos que nos ensinan?



Sabemos da admiración que *Cristóbal Colón* sentía por *Marco Polo*. Coñecemos que **"O Libro das marabillas"** do mercader veneciano acompañou ao navegante na súa viaxe coa intención de chegar por outra ruta a aquelas *"indias"* descritas douscentos anos antes. Recollemos esta fascinación para amosar en **"Cristovo e o libro das marabillas"** a un *Colón* neno ao que o mundo se lle queda pequeno e aborrece a escola. *Cristovo* quere viaxar e cre que a coraxe e a forza son a súa mellor carta de presentación. É inxenuo pensar que ninguén vai aproveitar tan boas intencións. Sofía e **"O libro das marabillas"** descubriranlle que a máis grande aventura está no coñecemento. Como se non un neno de doce anos pode coñecer *Constantinopla, Samarkanda, as estepas tártaras ou a escintilante corte de Kublai Kan?*



**Condicións técnicas.**

Espazo recomendado.
8 m embocadura / 3 m altura / 6 m fondo.
Potencia eléctrica.
Trifásica con neutro a pé de escenario. 16.000 w.
transporte da compañía
6720 DDR (Camión) OU-1673-P
Outras recomendacións.
Persoal de carga e descarga
Dirección técnica.
Suso Díaz . 637 74 20 68





ÚLTIMAS MONTAXES:

**A GATA CON BOTAS,** de Ánxeles Cuña Bóveda
**O HEROE,** de Manuel Rivas
**MACBETH**, de W.Shakespeare
**CRISTOVO E O LIBRO DAS MARABILLAS,** de Fina Calleja
**MARGAR NO PAZO DO TEMPO,** de Ánxeles Cuña Bóveda

SARABELA TEATRO
sarabelateatro@yahoo.es
www.sarabelateatro.com
DISTRIBUCIÓN.
FINA CALLEJA. 629 860 580